



**D<sup>a</sup> NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de abril de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

**17.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA), PARA O ANO 2019. EXPTE. 23110/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 04/04/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da

suscripción dun convenio de colaboración coa FOANPA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

O convenio obxecto do expediente é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral e ao abeiro dos artigos 34 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, 86.1 Lei 39/2015 (LPAC) e 111 TRRL –no que ás entidades locais especificamente se refire—, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados. O Concello de Vigo ostenta competencias para a realización das actividades ás que se refire o convenio para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concrétanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadjuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2019.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercizos anteriores dende hai máis de quince anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, e **dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W327525-2245 en data 25/02/2019 e co nº de doc. 190028382 e rectificación de documentación presentada a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W328157-758 en data 27/02/2019 co nº de doc. 190029870**, a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

O obxecto deste convenio non está comprendido nos contratos regulados na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, polo que, dacordo co disposto no art. 6 de dita norma, o convenio que nos ocupa queda fóra do seu ámbito.

Toda vez que o convenio prevé unha disposición dineraria por parte do Concello de Vigo a favor da FOANPA, sen contraprestación directa desta, suxeita ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social – xestión de comedores, actividades extraescolares,

formación de ANPAS e gastos de xestión da Federación- co cumprimento das obrigas pactadas no convenio, estamos en presenza da concesión directa dunha subvención á FOANPA por convenio que se rexe pola lei galega 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións (D.O.G.A. 121 do 25 de xuño do 2007). O artigo 5.2, da lei de subvencións establece que a xestión das subvencións se realizará de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, sinalando o artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, o artigo 19.4 establece que poderán concederse directamente as subvencións previstas nominativamente nos presupostos das entidades locais co crédito adecuado e suficiente para a súa concesión, neste caso e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, con cargo á partida 3260.489.00.01 “Convenio Foanpa” que conta cunha dotación de 606.039,31.-€, pertencente ao orzamento municipal de 2019.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2019. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal no Instituto Municipal de Educación (IME) que lle permite á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademáis da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o servizo municipal de educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación do convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto segundo o artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.

Achégase o texto proposto para que, tras o preceptivo informe da Intervención municipal se someta á consideración da Xunta de Goberno Local:

“1º.- Aprobar a concesión directa da subvención de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL**

**TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2019; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.00.01 (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.**

2º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA) para o ano 2019**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2019, e que de deseguido se dí:

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2019”

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dezanove

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, Don Miguel Álvarez Parada, como presidente da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 23110-332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

**I.-** Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

**II.-** Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos

Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

**III.-** Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

**IV.-** Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2019, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31.-€**, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) . O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

**V.-** Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2019.

**VI.-** Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e

certificacións que figuran neste expediente núm. 23110-332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.
- 3 Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.
- 4 Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.
- 5 Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.
- 6 Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.
- 7 Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.
- 8 En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00.-€** coa asinatura do convenio e antes do 30 de maio.
- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65.-€** a fin de curso e antes do 30 de xullo, e

- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66.-€**, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2. O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A Foanpa e Anpas asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta á normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

**Quinto.-** O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a Foanpa deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e

dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.844.682,00-euros (86.000,00.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.042.212,00.-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.716.470,00.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Sexto.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais de Pais de Vigo e comarca (FOANPA) está obrigada a relacionarse electrónicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

**Sétimo.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Oitavo.-** No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Asimesmo, a FOANPA, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo.

**Noveno.-** Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa



seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo.-** O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

**Décimo primeiro.-** O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

**Décimo segundo.-** Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida pola Concelleira de Educación. En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2019, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio. O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

**Décimo cuarto.-** A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo sétimo.-** Os datos persoais do representante da FOANPA, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPA), para o ano 2019”

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017 de 8 de novembro, Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Alvarez.